



DECRETO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2024/2025 DO CEIP OZA DOS RÍOS

Por providencia da Alcaldía de data 31 de maio de 2024 aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2024/2025 do CEIP de Oza dos Ríos nas que se regula o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permiten un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudo.

Resultando que concluído o prazo de presentación de solicitudes de participación polo alumnado nas citadas actividades, recíbese escrito de data 9 de setembro de 2024 (Rexistro de entrada: 2022-E-RE-1015 do 09.09.2024) remitido pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos no que, en vista das numerosas solicitudes que tiveron as actividades de patinaxe e ximnasia rítmica ofertadas solicita, para dar cabida a todo o alumnado solicitante das ditas actividades inscritos en tempo e forma, a modificación do número máximo de participantes destas actividades.

Resultando asimesmo que as solicitudes para a actividade de informática non acadaron o mínimo de dez prazas esixido e as solicitudes da actividade de pintura superaron con moito as 15 prazas máximas para o grupo dos mércores e permiten facer outro grupo de dita actividade, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle son conferidas pola normativa vixente acorda:

Primeiro.- Acceder ao solicitado pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos así como á conveniencia de facer outro grupo da actividade de pintura en substitución da actividade de informática que non acadou o número mínimo de actividades e dar unha nova redacción ás citadas actividades na táboa contida na cláusula 3.1 das bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2024/2025 do CEIP de Oza dos Ríos co seguinte contido:

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns	15:30h a 16:30h	10	21	Pavillón Lois	8€/mes
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	21	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
PINTURA	Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	15	CEIP Oza dos Ríos	8€/mes

Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo na páxina web do Concello.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ José C. Sánchez Presedo



